

HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS EXTRANXEIROS DE EDUCACIÓN SUPERIOR A TÍTULOS ESPAÑOLS UNIVERSITARIOS

Homologación: Recoñecemento de equivalencia dun título extranxeiro respecto dun determinado título oficial español vixente con validez en todo o territorio nacional

Requisitos:

- Documentos a homologar OFICIAIS e expedidos polas autoridades competentes do país que o expide

PROCEDEMENTO

1. Solicitude da persoa interesada formulada en modelo oficial

2. Presentada en:

- Rexistro Xeral ou Rexistros Auxiliares do Ministerio de Educación.
- Inspección de Educación das Delegacións do Goberno nas Comunidades Autónomas.
- Aqueles lugares sinalados no artigo 38.4 da Ley 30/1992 de 26 de novembro (por exemplo: Oficinas de Correos, Representacións Diplomáticas Españolas, etcétera)

3. Abono das taxas.

- Pola iniciación dun expediente de homologación
- Cada título ten un importe de taxa que se actualiza anualmente na Lei de Presupostos Xerais do Estado.
- O abono se realiza en calquera banco ou caixa de aforros que actúe como entidade colaboradora na recadación tributaria, utilizando o impreso oficial (Modelo 790)
- Se o abono se realiza dende o extranxeiro farase mediante ingreso ou transferencia ao Ministerio de Educación na conta restrinxida de recadación de taxas no extranxeiro.

4. Documentos obrigatorios:

- Certificación orixinal acreditativa da expedición do título
- Certificación académica orixinal dos estudos realizados
- Copia autenticada de documento acreditativo de identidade e nacionalidade da persoa solicitante.
- Acreditación do abono da taxa correspondente
- Se o título a acreditar é de DOUTORADO, ademais, incluírase Memoria Explicativa da tesis realizada redactada en español e un exemplar da mesma, indicando membros do xurado e calificación obtida.

5. Documentos complementarios (non obrigatorios):

- Currículum académico e científico
- Programas das asignaturas cursadas
- Calquera outro documento que estime oportuno a persoa interesada.

6. No caso de faltar algún documento ou que algún non cumpra os requisitos, a Administración concede un prazo de tres meses para subsanar a deficiencia.

7. O Ministerio somete o expediente a informe do Consello de Coordinación Universitaria, que ten un máximo de tres meses para emitilo

8. A resolución pode ser:

- Favorable – homologación directa.
- Favorable – homologación previa superación dunha proba de conxunto
- Desfavorable. Neste caso pódese solicitar convalidación parcial nunha Universidade española a efectos de continuar estudos na mesma. A resolución desfavorable pódese recurrir.